



# IX CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

## BASES:

Primeira.- Os traballos desenvolveranse sobre o tema: **“OS PETRÓGLIFOS EN GALICIA”**.

Segunda.- Os traballos inéditos e orixinais, van dirixidos ás persoas amantes da fotografía, agás as/os profesionais.

Terceira.- Presentaranse cando menos, catro fotografías, cun tamaño mínimo de 15 x 2, indicando a situación e o nome do petróglifo (se o tivese). Avaliarase moi especialmente a súa orixinalidade.

Cuarta.- A data límite de presentación dos traballos será o día 23 de abril de 2013.

Quinta.- Os traballos entregaranse na Asoc. Antigas/os alumnas/os da EOI “PORTA ABERTA”, cun sobre pechado donde constarán os seguintes datos :

|   |
|---|
| <p>IX CONCURSO DE FOTOGRAFÍA<br/>“OS PETRÓGLIFOS EN GALICIA”<br/>Asoc. Antigas/os alumnas/os da EOI<br/>“PORTA ABERTA”<br/>Mártínez Garrido, 17<br/>36205-VIGO</p> <p>Pseudónimo: .....</p> |
|---|

Dentro do mesmo sobre, noutro máis pequeno, co mesmo pseudónimo escrito fóra, incluírase unha folia cos datos persoais da/o autora/or, nome, apelidos, enderezo e teléfono de contacto.

Sexta.- O xurado comporase de tres persoas nomeadas pola Asociación.

Sétima.- Do fallo do xurado informarase ás persoas premiadas. A data de entrega de premios será o día da clausura da exposición.

Oitava.- Os traballos expóranse ao público do 6 ao 24 de maio de 2013, na entrada da EOI.

Novena.- Todos os traballos pasarán a ser propiedade da Asoc. “PORTA ABERTA” que se reserva todos os seus dereitos.

Décima.- Concederanse dous premios coa seguinte dotación:

1º PREMIO valorado en 120 *Euros*

2º PREMIO valorado en 60 *Euros*

O xurado poderá declarar deserto algún dos premios.

Décimo primeira.- Só se aceptará un traballo por persoa e a participación neste concurso suporá a aceptación destas bases e as decisións do xurado.